

BASES DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO E RASTRO DE NADAL DE BURELA 2025

1. Obxecto da convocatoria

O Concello de Burela, a través da Concellería de Cultura, organiza o **Mercado e Rastro de Nadal 2025**, que terá lugar na **carpa da Praza da Mariña** os días **29 e 30 de novembro**, co obxectivo de fomentar o comercio local, a artesanía e o ambiente festivo propio destas datas.

2. Tipoloxía de postos e zonas do mercadillo

O Mercado de Nadal de Burela dividirase en **dúas zonas diferenciadas**, co obxecto de facilitar a organización e a identificación dos distintos tipos de postos:

Zona A: Mercado artesanal e creativo

Destinada a expositores que ofrezan produtos elaborados por eles mesmos ou de carácter artístico. Inclúe:

- a) Artesanía en xeral (madeira, cerámica, tecido, papel, xoiería, etc.).
- b) Artigos e decoracións de Nadal.
- c) Xoguetes e agasallos de elaboración propia.
- d) Productos de elaboración propia.

Zona B: Rastrillo de segunda man

Espazo destinado á venda de artigos usados en bo estado (libros, roupa, complementos, xogos, etc.), promovendo a reutilización e o consumo responsable.

3. Persoas destinatarias

Poderán solicitar a participación:

- Artesáns e creadoras/es.
- Asociacións culturais ou veciñais.
- Autónomos.
- Persoas físicas maiores de idade con produtos de elaboración propia ou artigos para o rastrillo.

4. Condicións de participación

- A participación será **totalmente gratuíta**.
- Cada participante disporá dun espazo dentro da carpa **asignado pola organización**, en función das características e da dispoñibilidade do recinto.
- No **formulario de inscrición** deberá indicarse o número de mesas necesarias, cun **máximo de dúas (2) por participante**.
- No caso de precisar espazo adicional para burros de roupa, árbores de Nadal ou outros elementos de gran volume, só se garantirá unha (1) mesa, ademais do espazo necesario para situar ditos elementos.
- Non se permite a reventa de produtos adquiridos con fins comerciais alleos á elaboración propia, agás no apartado específico de rastrillo.
- Os expositores deberán manter o posto atendido durante todo o horario de apertura do mercadillo.

5. Datas e horario

O Mercado celebrarase na carpa da Praza da Mariña os días **29 (sábado) e 30 (domingo) de novembro**, en horario continuo de **10:30 a 20:30 horas**.

6. Solicitude de participación

As persoas interesadas deberán cubrir o **formulario de inscrición** dispoñible na web do Concello de Burela ou solicitalo por correo electrónico, e enviálo a:

✉ cultura@burela.org

O prazo de inscrición permanecerá aberto **ata o 16 de novembro de 2025 (incluído)**.

7. Adxudicación dos postos

As **prazas serán limitadas**. A asignación dos espazos efectuarase por orde de inscrición e atendendo á dispoñibilidade da carpa. O Concello poderá priorizar a participación de artesáns e persoas que presenten produtos de elaboración propia, co obxecto de fomentar a creación local e o comercio de proximidade.

8. Montaxe e desmontaxe

- O montaxe dos postos poderá realizarse a partir das 9:00 horas do sábado 29.

- A carpa estará operativa para o mercado os días **29 e 30 de novembro**.
- A desmontaxe deberá realizarse ao remate do mercadillo o **domingo 30 de novembro**.
- Cada participante será responsable do material e decoración do seu posto.

9. Vixilancia e depósito de material durante a noite

- **Non se contará con vixilancia nocturna organizada polo Concello.**
- A carpa permanecerá coas lonas cerradas fóra do horario indicado. A organización **non se fai responsable** de perdas, roubo ou danos que poidan ocorrer fóra do horario de apertura.
- Deixar material ou produtos na carpa fóra do horario de actividade farase **por conta e risco exclusiva dos participantes**.

10. Coordinación durante o Mercado

Durante o desenvolvemento do Mercado, a Asociación Esperanza actuará como punto de contacto directo entre os participantes e a Concellería de Cultura.

Calquera dúbida, incidencia ou necesidade de apoio técnico deberá ser comunicada á Asociación Esperanza, quen a trasladará á organización do Concello.

11. Obrigas dos participantes

- Cumprir os horarios establecidos.
- Manter o espazo limpo e en bo estado.
- Respetar as normas de seguridade e as indicacións da organización.
- Non utilizar instalacións eléctricas sen autorización previa.

12. Protección de datos

Os datos persoais recollidos durante o proceso de inscrición serán tratados polo Concello de Burela coas finalidades de xestión do evento. Pode consultarse a política de protección de datos do Concello para coñecer os seus dereitos.

13. Aceptación das bases

A participación no Mercado de Nadal implica a **aceptación íntegra destas bases** e das decisións da organización. Calquera circunstancia non prevista nestas bases será resolta pola organización.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Mercado e Rastro de Nadal de Burela 2025

 Carpa da Praza da Mariña – 29 e 30 de novembro de 2025

 Envío de inscricións a: cultura@burela.org

 Prazo: **ata o 16 de novembro de 2025 (incluído)**

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU ENTIDADE PARTICIPANTE.

Tipo de solicitante (marcar o que corresponda):

☐ Persoa física ☐ Autónomo/a ☐ Asociación / Entidade

Nome e apelidos / Denominación da entidade: _____

DNI / CIF: _____

No caso de asociación ou entidade:

- Nome e apelidos da persoa representante: _____
- Cargo que ocupa: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Código postal: _____

Teléfono de contacto: _____

Correo electrónico: _____

2. TIPO DE PARTICIPACIÓN

(Marque cunha X a opción que corresponda)

Zona A: Mercado artesanal e creativo

- ☐ Artesanía en xeral
- ☐ Artigos e decoracións de Nadal
- ☐ Xoguetes e agasallos
- ☐ Produtos de elaboración propia
- ☐ Alimentación (produtos alimentarios de elaboración propia)

Zona B: Rastrillo de segunda man

- ☐ Venda de artigos usados en bo estado

3. DESCRICIÓN DOS PRODUTOS A EXPOR / VENDER

4. NECESIDADES DE ESPAZO

- Número de mesas solicitadas (máx. 2): ☐ 1 ☐ 2
- Outras especificacións (burros, árbores, expositores...)

5. OBSERVACIÓNS OU COMENTARIOS ADICIONAIS

6. DECLARACIÓN

A persoa asinante declara:

- Que os datos facilitados son certos.
- Que coñece e acepta as **Bases de participación no Mercado de Nadal de Burela 2025**.
- Que é responsable dos seus produtos e materiais, asumindo o risco de deixalos na carpa fóra do horario de apertura, coñecendo que **non hai vixilancia nocturna**.

Lugar e data: _____

Sinatura:



Enviar este formulario cuberto a:

Concellería de Cultura – Concello de Burela

Correo electrónico: cultura@burela.org